

CUCARANDAINAS

Autor

Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)

1999

PRENDESE A LUZ, UN VELLO NA LAREIRA OLLA Ó PÚBLICO.

MÚSICA.- (25”)

VELLO.-

Si ou si,
 como volo conto...
 aínda que pareza increíble así foi o que pasou...
 Era inverno, pero facía calor...
 o sol quentaba de tal xeito que parecía primavera.
 Cucarandainas tíñao todo disposto...
 a cámara de “fotos”...// (4”)
 as marionetas...// (4”)
 Emperiquitámonos todos como é debido para
 tan gran ocasión...// (4”)

CUCARANDAINAS.-

Unha monteira de raso e o chaleque de veludo,
 o calzón e maila faixa que merquei na feira en Lugo.

Axéitame a polainiña, axéitame a polaina,
 axéitama deste lado, que deste outro xa cho está.

CUCARANDAINAS COLOCA AS MARIONETAS, PROBA

CACHOLAS NOS CORPOS, MIRA POLA CÁMARA

MÚSICA.- (30”)

VELLO.-

Unha vez colocados os fantoches...
 o noso amigo achegouse á cámara de “fotos”...// (10”)
 enfocou...//
 asexou que todo estivera de certo... // (20”)
 entremetres todos gritaban “Pataca, pataca”...//

Cucarandainas apertou o disparador...

E o flash inmortalizou a escena para a eternidade...// (16")

Axiña, revelou a foto ...

¡Eh, eh! ¡Horror!

Non acreditaba, alí faltaba alguén...

A foto estaba incompleta... Sabotaxe

¿Quen raptou a un dos protagonistas?...

Alí faltaba un dos personaxes do teatro de marionetas, pero, ¿quen? // (8")

Por mais que matínaba non acertaba a saber cal deles era o que faltaba.

ESCOITA RUIDOS NA CÁMARA

¡Claro! Tiña que estar dentro da cámara, //

así que sen perder tempo abriuna, pero...// (15")

¡Nada! Non había nada, a cámara estaba valeira

VOLVEN A ESCOITARSE RUIDOS.

CUCARANDAINAS RODEA A CÁMARA... (15")

POR FIN APARECEN AS FIGURA BOCA ABAIXO

CUCARANDAINAS.-

Por favor podédesme dicir ¿a que ven tanta foliada? //

tédesme mareado,

¡vaia barullo!

VOCES.-

¡Aloh! Kasku, , nasdairancacu, mostaes quía, aloh,

ven larbai, labai, labai...

CUCARANDAINAS.-

¡Que raro falan estes macacos!

¡Anda unha peseta!

CUCARANDAINAS BAIXASE E OS MACACOS DIN

VOCES.-

¡Ola, Kukas, Cucarandainas...

aloh nasdiarancacu, labai conoscon...//

somos nos, veña baila con nos home...//

lanbai con son sol de la tofo...//

Cucarandainas baila con nos...//

Baila con nos//

Baila con nos

CUCARANDAINAS.-

¡Claro! como na cámara de fotos todo está do revés tamén falan do revés.

Ei, ¿Estás aí?...

A ver: un, dous, tres, catro, moitos...

pero, segue a faltar un...¿onde estará?

Xa me tedes aburrido,

Ide coa leria a outra parte

MÚSICA.- (10")

VELLO.-

Cucarandainas enredaba por tódolos

currunchos na procura do seu personaxe desaparecido

de súpeto...//

MÚSICA.- (46")

Pero o parviño non se decataba da solución

mais sinxela.//

- Ei, Cucarandainas, achégate, ei, escoita, atende...

Bis, bis, bis, bis//

¡Claro! //

A solución: coller papel e lapis e
mandar un SOS urxente a...quen, a quen...
a única que podería solucionar
todo tipo de problemáticos problemas,
ela, a verdadeira,
ela, a mais bandalleira.
Ela a auténtica...ela ...

CUCARANDAINAS COLLE UN PAPEL E ESCRIBE

CUCARANDAINAS.-

Súper avoa Marcelina:

Pola presente espero que estea ben de saúde,
Preciso da súa axuda, temos de comezar a
representación, pero, ¡horror!, o protagonista da nosa
última obra non aparece por ningures...

Cecáis foi raptado, extraviado, derramado...ou fuxiu
namorado.

Estou escangallado, abafado, esmendrellado, alleado,
escarranchado, desmaiado

¡Socorrooooo!, ¡SOS!¡SOS!

O seu neto que ben lle quere

Cucarandainas

DALLE A CARTA Ó VELLO

MÚSICA (10")

VELLO.-

Así foi coma Cucarandainas pediulle axuda a
máis sabida e enxebre detective de Galiza e parte do
estranxeiro: A súper avoa Marcelina, o terror de tódolos

marruáns, trangalleiros, preguiceiros, larcháns,
moinantes, monicreques e galloufantes do mundo
enteiro...

CUCARANDAINAS TRANSFORMASE NA SUPERAVOA
MARCELINA.

MÚSICA.-

MÚSICA.-

O VELLO DÁLLE UN ATAQUE DE RISA Ó VELA, TUSE, CASE
AFOGA, CUCARANDAINAS ACHEGASE A EL E DÁLLE NAS
COSTAS

VELLO.-

Graciñas, foime pola gorxa pequena, case que
afogo, déame un grolíño...

CUCARANDAINAS DÁLLE DE BEBER

¡Ah!, xa estou mellor...ji, ji, ji, xa di o refrán:
“Muller con bigote casa sen dote”

O VELLO RISE, A VELLA ACHEGASE A EL E DILLE:

SUPERAVOA.-

Xa está ben, non sei a que ven tanta risa
Mal home, desgraciado

ENTRA O CAN COA CARTA

Trosqui, Trosqui, mira ti que bonitiño es,
anda que traes aí, un correo...i é para min, a ver que
pon...Agarda un chisco...Vou ler...Aí hai boa luz...
Querida avoa Marcelina, etc.

O VELLO QUERE MIRAR POR ENRIBA

Ei, ti que non se mira!, que é unha mensaxe privada
para unha menda merenda...

blablablablaba...¡SOS!¡SOS!...asinado Cucarandainas
 QUERE DEIXAR A CARTA, PERO TENA PEGADA,

MÚSICA.-

VELLO.-

Sen pensalo dúas veces a súper avoa Marcelina
 chamou a súa vasoira voadora //
 e saíu disparada ó mundo dos personaxes

MÚSICA

ABRIR ABANICO DO CAMPO.SUPERAVOA SAE VOANDO FORA
 DA ESCENA, ESCOITASE UN GRANDE REBUMBIO, APARECE A
 SUPERAVOA COAS MEDIAS BAIXAS E COA VASOIRA A
 CACHOS, VEN CO SEU CAN.

SUPERAVOA.-

Trosqui a culpa é túa por non ler a letra
 pequena...aquí di:: coidado cos lóstregos, en caso de
 treboada non pisa-lo freo, perigo de esvarar...
 Ei Trosqui mira... sigue esas pegadas,
 imos polo camiño correcto, menudos secuestradores
 deixaron un rastro que ata un chosco birollo pode velo.
 Veña, Trosqui, vai tras eles.

MÚSICA.-

DESAPARECEN TRAS O ABANO DO QUE PENDURA UNHA
 BALCONADA NA QUE ESTÁ A FORMIGA.

FORMIGA.-

¿Onde estás Romeo que non te vexo?

RATO.-

Xulieta, Xulieta, ando por onde me peta

e tira unha corda, ¡puñeta!,
para subir á balconeta e,
olla-la túa “careta”.

FORMIGA.-

Non sexas atrevido meu amor,
que o platónico é o mellor
de tódolos amores...

RATO.-

Déixate de lérias menores
e rima a xeito
que unha anguria no meu peito
pídeme xunto a ti acougar

FORMIGA.-

Vaina rañar
que es un malandrín

RATO.-

¿Non me queres Xulieta do meu corazón?

FORMIGA.-

Pois non

RATO.-

¿Por que non?, si se pode saber

FORMIGA.-

O outro día déchesme plantón
por ir comer un melón
na horta do señor Ramón...

RATO.-

Formiguiña tes que comprender
que onde hai melón,

non manda o corazón...

FORMIGA.-

Vaites, vaites, Romeo,
que eu xa non son Xulieta,
eu de nome troquei,
e agora chámome Ofelia
e de Hamlet namorei,
vaites Capuleto
que es un paleta

RATO.-

Eu o rato Romeo
perdín a ilusión
e agora voume a Lisboa
a pasar o día de Noiteboa

VAISE O RATO. ENTRA A ARAÑA

ARAÑA.-

Ser ou non ser,
dátiles de cuestión
dormir nun soño profundo
onde confundo
realidade con ficción,
ficción con ilusión
e ilusión con melocotón
por iso da rima
nesta ocasión...

FORMIGA.-

Hamlet, ti tamén...só pensas no xantar

ARAÑA.-

¿En que outra cousa podo pensar,
Desdemona, meu amor?

FORMIGA.-

Ti non es Hamlet, ti
es Otelo o moro de Venecia,
vaites, vaites ciumento namorado.
Vou durmir... Son unha incomprendida...(chora)
Atópome deprimida,
vou chorar enriba do mar...

VAISE A FORMIGA

ARAÑA.-

Vexo Vigo, vexo Cangas,
vexo os carballos medrar no Congo,
tamén vexo Redondela,
e aló, aló vexo un berberecho
xogando a estornela.

ENTRA A SUPERAVOA

SUPERAVOA.-

¡ Pilleite, galopín!... ¡Canta!

ARAÑA.-

(canta) Vai túa, vai túa, vai ela,
vai túa a casa dela, etcétera

SUPERAVOA.-

Iso non, eu quero que me digas onde o tes

ARAÑA.-

¿A quen?

SUPERAVOA.-

A el

ARAÑA.-

¿Quen é el?

SUPERAVOA.-

¡Quen vai ser! o personaxe que ando a buscar

ARAÑA.-

Aquí todos somos personaxes en busca de autor...¿quere que lle faga unha demostración?

Ser ou non ser,
datis de cuestión

SUPERAVOA.-

Non iso non,
eu quero saber onde vai o personaxe que falta na foto...Sen el Cucarandainas non pode celebrar o XX aniversario de Os Monicreques

ARAÑA.-

Pois si é preciso, o substituío eu e xa está.
Sonche bonitiña, ¿non si?

SUPERAVOA.-

¡Puaggg! Ti es unha araña

ARAÑA.-

Inculto, analfabeta,
Voume na procura dun autor chequesperiano
que me inmortalice nunha grande obra de teatral teatro.

SUPERAVOA.-

Espreita, araña chesperiana,
 si me dis onde podo atopar o meu personaxe
 perdido, prométoche falar cos do CDG
 para que che fagan unha proba

ARAÑA.-

¿Un casting?

SUPERAVOA.-

E máis unha proba tamén

ARAÑA.-

Feito, súper avoa, só tes ir voando
 trala bolboreta coqueta,
 e onde ela te leve a solución atoparás.
 Deica outra e boa sorte ...
 Vou ensaiar o monólogo da morte de Hamlet...
 Ser ou non ser
 ¡Agggggg! ¡agggggg!...Morrín...Cataplún!

A ARAÑA CAE ESPATARRADA E LEVA CON ELA A TORRE

SUPERAVOA.-

Bravo...Moi ben...Un aplauso para ela....//

SAE A ARAÑA A SAUDAR. VAISE

Vaiche boa, Vilaboa...

mira ti para a araña chequesperiana...

ENTRAN DÚAS TARTARUGAS

TARTARUGA 1.-

Eu son mellor ca ti

TARTARUGA 2.-

Xa, xa...

TARTARUGA 1.-

Envexa, o que che pasa é que tes envexa

TARTARUGA 2.-

¿Envexa eu?, que mais quixeras...

TARTARUGA 1.-

Si ou si, tarari que che vin

SUPERAVOA.-

Silencio...//

Teño un problemón do copón...

así que a calar...chis, chis..

TARTARUGA 1.-

Pero, ¿esta que di?

SUPERAVOA.-

¡A calar!...¿por que rifades?, ¿que vos pasa?

TARTARUGA 1.-

Eu son cantante

TARTARUGA 2.-

Mais ben di que orneas

TARTARUGA 1.-

E ti chocas, tartaruga esmirrada

TARTARUGA 2.-

¡E ti ouveas Tartaruga taruga!

TARTARUGA 1.-

Pois ti

TARTARUGA 2.-

Es unha repugnante

SUPERAVOA.-

¡Parade xa!,

Ó voso problema ten unha fácil solución
cantar e bailar a dúo, aínda que sexa sen ton nin son.
Veña, ¡unha demostración!

AS TARTARUGAS CANTAN,

MÚSICA.-

A SUPERAVOA PONSE TAMÉN A CANTAR E BAILAR ATA QUE
QUEDA SOA

VANSE AS TARTARUGAS,

SUPERAVOA.-

Non me fan caso, vaia fracaso!

APARECE UNHA BOLBORETA, A SUPERAVOA VAI TRAS DELA

¡Anda, pero mira que está aquí!

Seguro que ó noso personaxe o ten namorado esa
bolboreta que mo dixo a araña lareta...

VELLO.-

Despois do seu fracaso no país dos
personaxes...a súper avoa Marcelina, teimuda como era ,
non desistiu e foi cruzando ríos, pasando mares, sempre
cantando...deica chegar a unha illa do Caribe, do
calibre 69, onde o amor era,

paixón,

ardor,

e, e , e amor...

SOA A *MÚSICA* DE “EL VINO EN UN BARCO”, CHEGA O
MARIÑEIRO, ESCENA DE AMOR COA FLAMENCA

CALCITONIO.-

¡Alalá, mon die!

MÚSICA.-

APARECE A SUPERAVOA PONSE NO MEDIO DO MARIÑEIRO E
A FLAMENCA ESTES CANDO SE VAN BICAR BÓTANA A
DENTADAS.

SUPERAVOA.-

¡Glu, glu!...¿E como fago para que me fagan
caso eses dous alleados?...//

Pensa Marcelina, pensa...(LIMPA AS GAFAS)

¡xa sei!, voume camuflar coas miñas luvas de colorins
colorados

CALCITONIOS.-

Requetemua, o la lala...

A SUPERAVOA COAS LUVAS FAI UN MONICREQUE...PONSE
NO MEDIO DOS DOUS, AGORA SI É ACEPTADO

SUPERAVOA.-

Ei, paisanos, ¿non veríades por aquí ó meu amigo ?

CALCITONIA.-

¡ Pois non!

Esta illa é moi miúda, case que non cabe un zapato,
e contigo e o teu amigo xa seríamos un, dous, tres e
catro, só faltaría o gato!

SUPERAVOA.-

Pero, é que...

CALCITONIA.-

Nin café olé, aquí xa estamos moi apertados,
ata estamos ladeados...

CALCITONIO.-

Ei, colega, nun dos meus viaxes polo ancho e
longo deste mundo, despois de navegar por mares,

cruzar océanos, saltar charcos, beber en fontes e
mollar os pes nos regatos...pois, como dicía nun dos
meus viaxes atopei nunha gran cidade que os gardas
levaban preso a un, de seguro que era el, o teu amigo.

SUPERAVOA.-

¡O que eu ando a buscar!

Graciñas, vou nadando a cruza-lo mar...//

¡Anda!, pero, ¿por onde vou?

CALCITONIOS.-

¡Por alí!

CADA UN SINALA PARA UN LADO.

A SUPERAVOA SAE VOANDO-NADANDO

CALCITONIO.-

¿Onde estabamos, meu amor?

CALCITONIA.-

¡Ah!, si en Mua

CALCITONIO.-

¿Mua?

CALCITONIA.-

Requetemúa

CALCITONIO.-

¡Ah, si! Mua, mua, mua, requetemua

VANSE OS CALCITONIOS

VELLO.-

Pobre, avoa,

foi por la e saíu esquilmada,

pero para teimuda, testán e rabuda

chegábase ela soa,

así que a outros mundos viaxou,
sempre con moita precaución...

PARECE QUE SEGUE A FALAR, PERO ESCOITASE UN RUÍDO
FORTE QUE VAI TAPANDO A SÚA VOZ.

TRAS UN ABANO GRIS PASAN UN FATO DE MONICREQUES
RECORTADOS DE PERIÓDICOS, AVIÓNS, CAMIÓNS, TODO
TIPO DE CACHARROS CONTAMINANTES.

APARCEN DETRAS DO ABANO O HOME E A MULLER DA
MERDA.

HOME MERDA.-

Papurrechiña, nécora...

MULLER MERDA.-

Moco podre, escagarriado,
tesme un pouco sorprendida, eh,
dende que roubámo-lo arco da vella
o riso faime doer a barriga, hi,hi,hi,

HOME MERDA.-

Escoita meu amor fedento
aí vai outro trono con cheiro a chourizo noxento,
purrurrru

MULLER MERDA.-

Andas lixeiro de ventre,
¡Claro como es de bo dente,
non hai lixo que non degoxes , lambón!

HOME MERDA.-

Veña papurrechiña miña,
cagarría da miña esterqueira,
raíña das cortes alcatreantes,

axúdame a agachar os cancharolos
de pintura máxica para que os pinceis
alleados non poidan amañar o arco da vella.

MULLER MERDA.-

E sen Arco da vella,
sen cor, colorin, colorado,
o mundo estará estragado
e nos seremos os reis e señores.

HOME MERDA.-

Si creceran toxos onde agora hai flores

MULLER MERDA.-

E con chapapote os verdes campos
alcatrearemos
e o verde en gris trocaremos.

HOME MERDA.-

Somos malos e ruíns , purrr

MULLER MERDA.-

Somos os reis da polución, purrrr

HOME MERDA.-

da contaminación, purrrr

MULLER MERDA.-

da pezoñenta evolución

HOME MERDA.-

Somos os amos da destrución, purrrrr, ahh ha,

MULLER MERDA.-

Eh, ei olla meu cacho de merda seca,
olla o que hai nese cacharolo amarelo...
Mira, mira...Pois toma martelo

HOME MERDA.-

Vermello...Toma pao de cerello, ha, ha.

MULLER MERDA.-

Dálle, dálle, así está ben hi,hi

HOME MERDA.-

Violeta...Toma xarope de escopeta

MULLER MERDA.-

Toma, toma, dálle, dálle aí, ,hum, hum, hum

¡Ai xa me doe a man!; ai que me rompín!;

Ai, que me troncho!...

Ai Escagarriadiño non sigas, papurrechiño, ai que me racho en mil anacos.

¡ai como me doen os cadrís!

HOME MERDA.-

Axiña pechémo-la gaiola

sen a cor e sen o arrecendo do arco da vella a terra o paraíso do lixo asemella.

MULLER MERDA.-

Certo meu noxento amor, ben falaches... ¡profesor!

HOME MERDA.-

¡Ui, bonitiña, ai, ai, como me doe este dedo, un momentinho, ahhh, Papurrechiña

MULLER MERDA.-

¿Que fago, que fago?

HOME MERDA.-

Eh tírame deste dediño,

MULLER MERDA.-

Así así... porcallán.

HOME MERDA.-

¡Picaches!, ¡picaches!

VANSE ALOUMIÑANDO COA LERIA A OUTRA PARTE.

PINCEL señora.-

Este é o fin

PINCEL señor.-

O paro obreiro

PINCEL punky.-

Veña tíos, optimismo
segundo a lei de “Murfi”
mañá aínda pode ser peor.

PINCEL señora.-

O peor é unha catástrofe a escala inmensa...

PINCEL punky.-

Veña ese animo
seguro que non será peor do que xa é

PINCEL señor.-

E ¿por onde andará?

PINCEL señora.-

Dende o que roubaron,
xa non hai agarimo nas cousas...

PINCEL señor.-

Sen arco da vella non hai color no mundo...
Pregúntome quen foi o ruín
que roubou a fermosura das cousas bonitas.

PINCEL señora.-

Sen color non hai vida

PINCEL punky.-

Ondia, tíos
 coma nos tempos antigos:
 as fotos en branco e negro
 a TV en branco e negro
 todos daltónicos
 ¡Guai do Paraguai!

PINCEL señora.-

Cala, non sabes o que dis

PINCEL señor.-

Primeiro rouban o color,
 e logo será a luz

PINCEL señora.-

E sen luz todos as tentas

PINCEL señor.-

Ti cres que entón alguén podería
 decatarse do teu peiteado,
 de colorins colorados.

PINCEL punky.-

Xa abonda, tíos,
 non me amarguéde-lo día,
 xa me estarrece, me estarrica, me
 formigüea o sangue so de pensar nun mundo
 sen luz...

PINCEL señora.-

¡Bua, bua!

PINCEL señor.-

¡Esnif!

PINCEL señora.-

¡Bua, bua!

PINCEL señor.-

¡Esnif!

PINCEL punky.- (para dentro)

Uhhh...

Vou ir na procura do Arco da vella,
aínda que teña que loitar con dragóns,
monstros e pantasmas

BARULLO

PINCEL señor.-

Iso no é nada, hai algo peor, moito peor

PINCEL punky.-

¡Ah, si! ¿e o que?

PINCEL señora.-

Terás que loitar contra o ferruxe,
contra o lixo que podrece sen ton nin son...

PINCEL señora.-

Contra a contaminación...

PINCEL punky.-

¿Contra a contaminación?

PINCEL señora.-

Si

PINCEL punky.-

Da igual, todo sexa por recuperar as sete cores
que dan vida o amor e as flores.

VAISE O PINCEL PUNKY

PINCEL señor.-

Oh valente rapaz.

PINCEL señora.-

Que teña sorte na súa ousadía...

VANSE OS DOUS NESO, APARECE A MULLER DA MERDA
CANTANDO SEN TINO.

ENTRA O PINCEL PUNKY

MULLER MERDA.-

¡Lalala, lerele!, purrruuu, ha, ha,
que peideira son

PINCEL punky.-

Uf, mi madriña como fede esta señora

MULLER MERDA.-

¡Anda, Un intruso!...

(APARTE) Disimulemos...non sexa un deses pinceis pintores das
cores do arco da vella...

Eu plantei garavanzos na regaña do cú...

PINCEL punky.-

Oes, moza, mira que che digo, escoita
vaite lavar porcona, vaite lavar...

MULLER MERDA.-

¡Anda! cacho indirecta
me acaba de botar este marruán.
Moi boas teña garrido raparigo,
¿e que lle trae pola miña pobre morada...
o vento mareiro ou unha andoriña namorada?

PINCEL punky.-

Ando na procura do arco da vella

MULLER MERDA.- (APARTE)

¡O sabía!

Este marruán quérenos fastidiar o asunto...

PINCEL punky.-

Vostede non o vería por aquí

MULLER MERDA.-

Anda pois eu creo que, que

Ou si, mira aí abaixo

no colo dese fantoche brilla unha pinga de cor
cecais sexa encarnado como o sangue ou...

PINCEL punky.-

¿Aquí?

MULLER MERDA.-

Si, si, si aí, si aí

PINCEL punky.-

Vou mirar

MULLER MERDA.-

Un pouquiño máis abaixo

PINCEL punky.-

¿Mais abaixo?

MULLER MERDA.-

Así estás ben, así, así

O PINCEL AGACHASE, A MULLER DA MERDA BATE NEL

¡Toma castaña!...puñeta...

E agora que o teño ben batido e desmaiado...

Escagarriado, escagarriado ven axiña home...

HOME MERDA.-

¿Que pasa, por que berras desa maneira?

MULLER MERDA.-

Trogallo esfiado...nos momentos máis
perigosos son eu a que ten que resolver os problemas,
mentres ti a raña-la regañeta, larchán...

Mira... no chan...¿ve-lo?

HOME MERDA.-

Un pincel desmaiado

MULLER MERDA.-

Anda, anda axúdame a metelo no cárcere xunto
o seu queridiño arco da vella .

HOME MERDA.-

Si, Imos aló

MULLER MERDA.-

Gaiteiro que es un gaiteiro

HOME MERDA.-

Pandereteira, ha,ha,ha

VANSE CO PINCEL

APARECEN O PINCEIS SEÑOR E SEÑORA CHORAN

PINCEL señor.-

¡Buah!

PINCEL señora.-

¡Snif!

PINCEL señor.-

¡Buah!

PINCEL señora.-

¡Snif!

APARECE A SUPERAVOA

SUPERAVOA.-

Trosqui, vas ben, sigue esas pegadas...

Ei Trosqui, mira eses pinceis,
o mellor eles saben do noso personaxe desaparecido...

Olla para min:

Primeiro: imos onda eles, pero con cautela,
observa e aprende como actúa unha profesional

ACHEGASE ÓS PINCEIS

¡Ei!, ¿me pintáde-la casa?

OS PINCEIS CHORAN

Segunda táctica: achegamento e disimule,
pero con cautela...

VOLVE A ACHEGARSE A ELES

Estades feitos uns pinturillas...

OS PINCEIS CHORAN

Home non quería faltar a ninguén
nin que fora para tanto...

Imos Trosqui, estou cansa,
xa percorrín case todo o mundo do maxín,
e agora parece que estou no dos pesadelos...

OS PINCEIS CHORAN

Por favor ¿me podedes dicir o que vos pasa?

PINCEL señor.-

Ten que estar chosca

SUPERAVOA.-

Si eu vos puidera axudar faríao de bo agrado...

PINCEL señor.-

Só hai unha solución

PINCEL señora.-

Rematar coa polución

PINCEL señor.-

Rematar coa contaminación

SUPERAVOA.-

¿E que podo facer?

PINCEL señor.-

Se nos axudas, nos poderémoste axudar despois.

SUPERAVOA.-

¿Non tedes outro problema?

PINCEL señor.-

Non

PINCEL señora.-

Si polo menos puidésemos atopar un chisco do
arco da vella

SUPERAVOA.-

Recorcholis, si que vos conformades con ben pouco

PINCEL señora.-

Co arco da vella volvería a cor,
e con ela o amor e o agarimo das raiolas do sol...

SUPERAVOA.-

Alá vou...Preparádevos malandros,
a súper avoa ataca de novo...

VANSE OS PINCEIS.

SUPERAVOA.-

¡Coidado Trosqui!, segue as pegadas...
por aquí non...por aquí, por aquí cheira a esterco...
Este deber ser o camiño correcto...

APARECEN O HOME E A MULLER DA MERDA, A SUPERAVOA
O VELOS DI

Trosqui, mira que ven por aí...
¿non serán?...
Si que o son...
disimula Trosqui...
Atención, acción:
Ei, vos, ¿a quen levades preso na gaiola?...
Pero si é o arco da vella...
Liberádeo agora mesmo,
se non queredes probar a cólera
da súper avoa Marcelina...
Non facedes caso, pois alá vos malandríns...
Trosqui ataca

TROSQUI ATACA PERO É VENCIDO

Contra a contaminación, toma perfume,
feixe de estrume...

A SUPERAVOA TAMÉN ATACA

Tranquilo; Trosqui que xa vou na túa axuda...

A SUPERAVOA VENCE E LIBERA O ARCO DA VELLA

MÚSICA

CAMBIO DO ABANO

APARECE OS PINCEIS SEÑOR E SEÑORA.

PINCEL señor.-

Re la mi do...chachi piruli, colorins
colorados, amarelo por este lado, aquí verde, alí
morado, unha cor, outra cor , isto mola mogollón...

PINCEL señora.-

Graciñas, Súper avoa Marcelina
 quedámoslle moito obrigados...
 Pero, ¿por que fica triste e apenada?

SUPERAVOA.-

Cucarandainas mandoume unha carta
 na que me pedía axuda para solucionar o secuestro...
 ou quizás namoramento, ¡ai, que bonito!
 dun dos seus personaxes...
 Cando revelou a foto decatouse que non estaba,
 desaparecera...
 Sen el non poderá celebrar o tiruliruliru do XX
 aniversario dos Monicreques

PINCEL señor.-

¿E non terá a foto?

SUPERAVOA.-

Pois si mandoume unha foto
 por si me servía de pista, ¿por onde está?

PINCEL señor.-

Amósenos o retrato, por favor.

A SUPERAVOSA ENSINA A FOTO

OS PINCEIS RIN A CACHON

A SUPERAVOA COLLE A FOTO E OBSERVÁA

SUPERAVOA.-

Pois eu non lle vexo a gracia
 a tanta desgracia...

PINCEL señora.-

Achégate súper avoa, escoita, bis,bis,bis.

SUPERAVOA.-

¡Claro, como non me din conta antes!,
 a solución cae de caixón,
 voulle escribir axiña unhas cantas liñas:
 Querido neto Cucarandainas...

RECOLLE OS ABANOS E TRANSFORMASE EN
 CUCARANDAINAS.

VELLO.-

E así foi como a súper avoa Marcelina
 desandou o andado
 e o mundo do maxín
 deixou a un lado... //

unha adiviña a Cucarandainas
 lle mandou de contado.//

O noso amigo o recibir o recado
 quedou un tanto abraiado.

APARECE CUCARANDAINAS COA CARTA NA MAN
 FAI O XOGO DE QUE O PAPEL SE REMEXE CONTRA DEL,
 COLLE UN MARTELO, CLAVAA E DESPOIS LE:
CUCARANDAINAS.-

...a solución está nesta adiviña que di:
 É frío como o xeo,
 si o miro, nel vexo a un coma min,
 si eu brinco el brinca comigo,
 si eu boquexo, el tamén,
 e si falo el fai o xesto calado.
 Hainos, redondos, cadrados,
 lisos e afumados...

¿que cousa é ?, a resposta, a resposta é...

¡Xa o teño, a resposta está no espello!

APARECE O ESPELLO E NEL A DAMA DO ESPELLO

¿Es ti o personaxe que faltaba na foto?

DAMA.-

Non, eu son a anima engaiolada

do outro lado do espello

Vivo reflexada en min mesma...

fora deste mundo me desvanezo,

por iso aínda xamais fun retratada...

ós que me piden consello a todos digo verdade...

CUCARANDAINAS.-

Si ti non es...¿quen é ?

DAMA.-

Pensa, cavila...¿quen é o personaxe ausente?,

mira, observa no corazón do espello...

ó mellor non está tan lonxe,

quizabes estea mais presente do que ti cres...

Mira, observa, no fondo veras toda a verdade,

olla, olla, olla...

TRANSFORMASE O ESPELLO, CUCARANDAINAS MIRASE E

REQUETEMIRASE NO ESPELLO

CUCARANDAINAS.-

Xa o sei, a resposta...a resposta é...é...é..

Non pode ser...Son eu...Son eu...

PONSE A PREPARAR AS MARIONETAS PARA A FOTO

VELLO.-

E así foi como Cucarandainas solucionou o seu problemático problema.

¡Claro!, si non somos reflexados no espello malamente podemos ver a nosa faciana ...ou sexa que o personaxe era el...E non saíra na foto porque non se puxera diante da cámara, ¡mira ti!

Pronto dispuxo a todos os fantoches para facer a foto da familia monicrequeira...

Pero esta vez ía poñer o automático para saíres el tamén no retrato.

CUCARANDAINAS VAISE COLOCAR ENTRE OS MONECOS PARA A FOTO.

CUCARANDAINAS.-

Veña, amigos, axuntémonos todos,
pois a cámara xa está preparada...
Sorrir que xa sae o Paxariño...

VELLO.-

Ei, esperade por min que eu tamén quero saír na foto.

XÚNTANSE TODOS E O VELLO TAMÉN.

O FLASH DISPARASE E OSCURO TOTAL.

FIN